

SEMPRE GALEGA

Os motivos da miña saída son ben claros: os meus sentimentos galeguistas e republicanos, tan cruelmente perseguidos.

Con tan só meses de idade, meus pais biolóxicos viaxaron a Polonia, para abandonarme. Deixáronme nunha cesta de froita na porta dunha casa, cunha notiña na que dicía que me chamaba Rosalía e que era galega; timbraron e marcharon. Si, foron moi crueis, pero por sorte abriron a porta e colleume a que sería a miña nai. Crieime con ela, era o meu exemplo a seguir, que por inxustizas da vida faleceu fai un ano.

Dende aquela vivo soa, e como sabía todo o da notiña, púxenme a buscar información. Galiza é totalmente increíble!

Intentei viaxar varias veces para alí, pero era menor de idade.

E... aquí estou! No tren de camiño á miña terra, escribindo isto a tan só unhas hora de que comece a miña nova vida.

Ainhoa Sousa Martínez 3ºB